



A fachada principal da catedral lucense é obra do arquitecto Julián Sánchez Bort.

triángulo equilátero e co que conseguiu, en 1758, o título de académico de mérito da Real Academia de Belas Artes de San Fernando.

Trala marcha de Francisco Llobet de Ferrol en 1762, Sánchez Bort foi elevado ó cargo de enxeñeiro director das obras reais. En 1763, trazou os planos da nova igrexa de San Xiao, cuxa construción se iniciou en 1765, e, pola mesma época, elaborou senllos proxectos para reduci-lo bosquejo do arsenal militar e amplia-lo barrio da Madalena, que trazara o mariño Jorge Juan en 1762. Aínda tivo tempo para acometer algúns outros traballos antes de trasladarse a Lugo, onde, por requirimento do seu cabido, deseñou en 1769 a fachada do edificio catedralicio lucense, que é, sen dúbida, a súa obra máis coñecida.

A etapa galega de Sánchez Bort concluíu en 1771, ano no que, por decisión gubernamental, tivo que marchar a Navarra e Aragón para inspeccionar as obras dunha quenlla que demandaba a presenza dun técnico hidráulico moi cualificado. Este novo período, fronte ó sedentarismo do anterior, caracterizouse por continuas viaxes pola xeografía peninsular. Así, realizou diferentes traballos en Madrid, Cartaxena, nos Pireneos navarros e de novo en Ferrol, a onde regresou en 1775 para intervir na construción duns diques. En

1777, destinado en Cádiz, foi nomeado director do arsenal da Carraca en recoñecemento a todo o seu labor.

Do conxunto da obra de Sánchez Bort é necesario destaca-la súa versatilidade, a primacía absoluta da funcionalidade e o afloramento da súa condición de matemático, que lle permitiu elaborar planos de extraordinaria precisión baseados en criterios de estrita xeometría. A súa formación académica en San Fernando converteuno nun sabio intérprete da tradición máis clásica. En efecto, non é casual que as súas obras cívicas e relixiosas se sometesen rigorosamente ós ditames que imponía unha academia máis clasicista ou barroca internacional que propiamente neoclásica, tal e como o demostran, por exemplo, os seus traballos en San Xiao de Ferrol e na catedral lucense.

No que respecta ás obras de carácter militar e industrial, é innegable que amosan unha morfoloxía máis severa e rigorista. As mellores mostras son os dos edificios que marcan o sector oriental do arsenal de Ferrol, que forman unha magnífica secuencia arquitectónica que logra unha perfecta conxunción de arquitectura hidráulica, militar e industrial. Polo xeral estas construcións renuncian ó ornamental e limítanse a resalta-la súa funcionalidade, mais coa finalidade de que as fábricas próximas á dársena (antigos Almacén

Xeral e Gran Tinglado) contasen con elementos cubertos que lles servisen de arterias de comunicación dotounas con sólidos pórticos que coroan a súa parte superior con longas terrazas.

En referencia ás actividades de Sánchez Bort no deseño e no urbanismo, pódese apuntar que os seus mellores logros se refiren ó proxecto de redución do arsenal de Ferrol e á pequena ampliación á que someteu o barrio da Madalena, na mesma cidade. (Alfredo Vigo Trasancos)

SÁNCHEZ BREGUA, José. Naceu na Coruña en setembro de 1818 e faleceu no mesmo lugar en xuño de 1897. Xeneral e ministro de Guerra, ingresou no Exército en 1836 e participou na contenda contra os carlistas. De 1844 a 1850 estivo nas Filipinas, en 1856 combateu na Guerra de África, onde tivo o negociado de campaña, do Ministerio da Guerra, e en 1868 sufocou a insurrección de Cádiz e foi ascendido a xeneral de división. Designado subsecretario de Guerra por Prim, á morte deste pasou a ocupar a praza de capitán xeneral de Galicia, dende a que dirixiu persoalmente a represión da sublevación republicano-federalista de Ferrol (1872). Despois foi nomeado xeneral en xefe do Exército do Norte e, en 1873, ministro da Guerra, cargo dende o que levou a cabo unha serie de reformas no devandito corpo militar. Coa restauración foi senador vitalicio polo partido liberal. Escribiu sobre asuntos militares en *Diario de Barcelona* e *El Liberal*, de Madrid. Publicou *Discurso sobre la división territorial militar* (1893), que foi pronunciado do 9 ó 12 de maio de 1893 no Senado, contra o decreto do 22 de marzo que lle quitaba a Capitanía Xeral a Galicia; por este discurso, no que critica a falta de vías de comunicación, o illamento e o esquecemento de Galicia, a Junta de Defensa da Coruña envioulle unha mensaxe de agradecemento. Sánchez Bregua posuía a Gran Cruz do mérito militar e naval, a Cruz Laureada de Santo Hermenxildo e outras moitas condecoracións.

SÁNCHEZ CANTÓN, Francisco Javier. Historiador da arte nado en Pontevedra o 14 de xullo de 1891, cidade na que tamén faleceu, o 27 de novembro de 1971. Estudou o bacharelato no instituto da súa cidade natal (1901-07) e foi discípulo de Álvarez Giménez, Said Armesto, García de Diego, González Carreño... e compañeiro de Erasmo Buceta, Blanco Porto, Iglesias Vilarelle, Claudio Losada... Entre os seus amigos de entón cóntanse os que formaron o Club Karepas, decisivo en moitos aspectos da vida local. Foi parente e íntimo de Losada Diéguez e, en colaboración con Erasmo Buceta, publicou ós dezaseis anos un traballo sobre un tema de cristianismo social, premiado en 1907. No mesmo ano recibiu outro galardón en Vigo por un ensaio sobre a influencia da literatura galega na española.



Posteriormente estudou Filosofía e Letras na Universidade de Madrid, onde influíron especialmente na súa formación Menéndez Pidal, Cayo Ortega, Elías Tormo, Gómez Moreno, etc.; obtivo o premio extraordinario de licenciatura e o Rivadeneira da Real Academia Española (RAE); e doutorouse, en 1913, coa tese *Los pintores de cámara de los reyes de España*, dirixida por Elías Tormo. Comezou daquela a colaborar co Centro de Estudos Históricos de Madrid e tamén traballou no arquivo do Palacio Real e no Museo do Prado. Na devandita universidade madrileña, e trala morte de Víctor Said Armesto, ocupou a cátedra vacante de Literatura Galaico-Portuguesa e foi auxiliar de Historia da Arte no programa de doutoramento. No ano 1919 iniciou a catalogación dos pintores do Instituto Valencia de Don Juan, publicada en 1923. Ocupou despois os postos de catedrático de Teoría da Literatura e das Artes en Granada e de subdirector do Museo do Prado en 1922, a cuxa dirección accedeu entre 1960 e 1968, como sucesor do pintor ferrolán Fernando Álvarez de Sotomayor. Pertenceu como numerario ás reais academias de Belas Artes (1925) e da Historia (1934) e á RAE (1949) e mesmo se deu a circunstancia excepcional de que presidiu, simultaneamente, as dúas primeiras.

No que respecta a Galicia, Sánchez Cantón promoveu publicacións en lingua galega; investigou temas literarios, biográficos, artísticos e históricos; defendeu o seu patrimonio artístico, loitando pola declaración de monumentos nacionais e esixindo restauracións; organizou exposicións; suscitou a creación de bolsas e pensións; colaborou en actividades como as da Coral Polifónica de Pontevedra ou do curso internacional Música en Compostela; e foi un dos catro íntimos de Castelao que

4 Francisco Sánchez Cantón retratado por Prieto Coussent.

editaron o álbum *Nós*, cuxa impresión dirixiu persoalmente. Ademais, prologou en galego obras de Agustín Portela Paz e de Ramón Cabanillas.

Amou e serviu eficazmente a Pontevedra, cidade da que recibiu a Primeira Medalla de Ouro (1950) e foi declarado fillo predilecto da provincia pola súa correspondente deputación. Tamén foi patrón fundador do Museo de Pontevedra (1927), xunto con Daniel de la Sota, Casto Sampedro, Castelao, Losada Diéguez, José Millán, López de la Ballina, Raimundo Riestra, Filgueira Valverde, etc., unha institución que dirixiu e á que lle legou o seu arquivo, biblioteca e recordos persoais. O libro póstumo *Pontevedra y los pontevedreses: inéditos y dispersos* (1973) reflicte o seu apaixonado amor pola súa cidade natal.

Con Xesús Carro García, Cordero Carrete, Pedret Casado, Otero Pedrayo, Bouza-Brey, Chamoso Lamas, Moralejo Laso ou Filgueira Valverde e outros membros do extinguido Seminario de Estudos Galegos logrou, en 1943, a creación do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento co apoio do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). Sánchez Cantón, ademais de presidi-la primeira xunta desta entidade, encargouse da dirección da súa sección de Bibliografía e Publicacións e da do Instituto Diego Velázquez; foi tamén o primeiro presidente e orientador da Sociedad de los Bibliófilos Gallegos e un dos persoeiros que iniciaron a Fundación Pastor de Estudos Clásicos; presidiu a Xunta Técnica de Conservación e Restauración de Obras de Arte (1962) e ocupou tamén os cargos de inspector xeral de Museos (1963) e vicepresidente do Consello Nacional de Educación.

Á parte de ser un viaxeiro incansable, pronunciou importantes conferencias en numerosas universidades e centros de estudo, catalogou varias coleccións de arte e foi un dos catro expertos que decidiron encargarlles a Miró e Picasso a decoración da sede parisiense da UNESCO. No ano 1960 a Universidade de Lund (Suecia) nomeouno doutor honoris causa.


O amplo conxunto dos escritos de Sánchez Cantón suma máis de oitocentos títulos. Ademais de poemas e prosa, e mesmo unha novela fragmentaria, a súa obra erudita pode clasificarse en investigacións literarias e bibliográficas, estudos histórico-artísticos e biográficos (sobre todo referentes ó Museo do Prado, a Velázquez e a Goya) e monografía e artigos de tema galego. Poucos españois escribiron tantos discursos académicos, pois contestou, entre outros moitos, os de Gómez Moreno, Andrés Ovejero, Julio Cavestany de Anduaga (marqués de Moret), Moisés de Huerta, Luis Martínez de Irujo (duque de Alba), Dámaso Alonso, etc. Tamén cola-

borou nalgúns discursos doutras altas personalidades e o rei Afonso XIII felicitouno publicamente, polo que lle preparou para o seu ingreso como asociado estranxeiro na Academia de Belas Artes de París.

Tiña excelentes dotes como instalador de museos e exposicións e o coñecemento dos máis importantes do seu tempo e a longa experiencia non fixeron máis que acrecentalos. Acreditáno o Museo do Prado, o Nacional de Escultura de Valladolid, o de Valencia de Don Juan, o da Academia de San Fernando, o do Duque de Alba e, en Galicia, o de Pontevedra e as exposicións do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento. Pero, como dixo un dos seus biógrafos, foi tamén un *apousentador de sombras*: de Carlos V en Yuste (Cáceres), nas casas do *Greco* en Toledo, de Cervantes en Valladolid, de Lope de Vega en Madrid, da cámara da fragata Numancia no Museo de Pontevedra, do estudio de Vega Inclán no Museo Romántico de Madrid, etc.

Na capital española, rendéuselle unha homenaxe en 1963, cando se cumpriron os cincuenta anos do seu servizo ó Museo do Prado, mentres que en Galicia as corporacións pontevedresas, o Museo de Pontevedra, a Real Academia Galega e o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento tamén o fixeron merecedor de galardóns, organizaron exposicións bibliográficas na súa honra e imprimiron obras súas.

Dos numerosos traballos de tema galego que escribiu ó longo da súa vida poden citarse os seguintes: *Informe sobre declaración de monumento arquitectónico artístico del monasterio de Sobrado (La Coruña)* [1929], *Don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar, 1567-1626* (discurso na súa recepción na Academia da



Un libro de Sánchez Cantón.

Historia, 1935), *El libro de arquitectura de Domingo de Andrade* (1934), "Felipe el Hermoso y doña Juana la Loca en Compostela" (1945), *La loza de Sargadelos. Apuntes histórico-artísticos* (1945), *Don Antonio Francisco de Castro, poeta pre-romántico (1746-1825)* [discurso de ingreso na Real Academia Española, 1949], *El Museo de Pontevedra* (1950), *El centenario de doña Emilia Pardo Bazán* (1952), *F.A. de Sotomayor* (1952) ou *Pontevedra* (1963).

Tamén en relación con Galicia, asinou unha longa lista de artigos que saíron publicados, sobre todo, en *Archivo*, na revista *El Museo de Pontevedra*, en *Boletín de la Real Academia de la Historia*, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, en *Cuadernos de la Cátedra Feijoo*, en *Galicia* ou en *Abrente*.

Dentro da súa extensa bibliografía hai que salientar tamén títulos como *España. Divulgación y propaganda* (1925), traducido a varios idiomas; *Los cuadros de Goya en la Real Academia de la Historia* (1946); *Conocimiento y estudios sobre el arte de España en Inglaterra (1739-1914)* [1949]; *El barroco español* (1962); *Guía completa del Museo del Prado* (1963) ou *Escultura y pintura del siglo XVIII; Francisco de Goya* (1965). [Xosé Filgueira Valverde]


SÁNCHEZ CARRERA, María del Carmen. Historiadora nada no Rosal (Pontevedra) o 6 de xaneiro de 1943. Licenciouse en Filosofía e Letras na Universidade Complutense de Madrid e en Dereito na de Santiago de Compostela, entidade na que tamén se doutorou en Historia, en 1991, coa tese *El Bajo Miño en el siglo XV. El espacio y los hombres*. Na actualidade é profesora de Historia de educación secundaria obrigatoria, en condición de catedrática con praza en Madrid e, por comisión de servizos, en Santiago de Compostela. Ademais de numerosos artigos en xornais e revistas publicou, entre outros traballos, *A educación medio ambiental en E.X.B. e E.E.M.M.* (1988), *La mujer en el Bajo Miño en los albores de la Edad Moderna* (1987), "La gobernanación de la ciudad de Tui a finales del siglo XV" (1992) ou *Río Tinto, 1888: La cuestión de humos* (1993). [Xoán Martínez Tamuxe]

SÁNCHEZ FREIRE, Timoteo. Naceu en Roade (Sobrado, A Coruña) o 22 de agosto de 1838 e faleceu en Santiago de Compostela (A Coruña) o 24 de abril de 1912. Catedrático de Medicina da Universidade de Santiago, foi o cirurxián máis famoso nas últimas décadas do século XIX en Galicia. Perfeccionou e inventou numerosos instrumentos cirúrxicos e algúns elementos de antisepsia e realizou moitas viaxes de estudo por toda Europa, onde percorreu as principais clínicas e universidades. En Santiago de Composte-

la, cidade na que era moi admirado, asumiu a iniciativa de fundalo manicómio de Conxo, para o que contou co apoio económico do cabido e das familias máis adifeiradas da cidade.

Sánchez Freire, que nunca admitiu distincións, títulos honoríficos nin condecoracións, era reacio a publicar nada relacionado co seu labor cirúrxico. Só deu á prensa os seguintes traballos: *Formación de los diferentes glóbulos que circulan en la sangre. Papel que desempeñan en la economía. Propiedades y usos de la sangre negra y de la sangre roja* (Madrid, 1866), *Programa razonado de anatomía patológica y patología general...* (Santiago, 1871), *Memoria sobre las fuentes de conocimiento y método de enseñanza de anatomía patológica y patología general...* (Santiago, 1871) e *La hipnología en nuestros días* (Santiago, 1888).

SÁNCHEZ GARCÍA, Gloria. Escritora nada en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) o 12 de febreiro de 1958 e especializada en literatura infantil; neste xénero hai que situal-a súa ampla produción, tanto en prosa coma en verso. Entre as súas obras destacan libros de poemas como *Fafarraios* (1991), *Rimas con letra* (1991), *Bichos con gaseosa* (1992) ou *¡Pum-pum!* (1993), de prosa (a maioría deles de relatos) como *Cabeciña a paxaros e outras historias* (1993), *O capitán Ro e o gato Bo* (1994), *A raíña de Turnedó* (1996), *Doctor Rus* (1995) ou *Sete casas, sete bruxas e un ovo* (1997) e mesmo textos dramáticos como *Teatro feroz* (1999). O seu labor no eido da escrita para nenos foi premiado con galardóns como o Premio Merlín de Literatura Infantil (1990) por *Fafarraios*, que tamén recibiu o diploma de honra do Consello Internacional sobre Libros para Mozos (IBBY), ou o Premio Edebé de Literatura Infantil (1994) por *Doctor Rus*.



Teatro feroz, de Gloria Sánchez García.



Gomersindo Sánchez Guisande, médico.

SÁNCHEZ GARCÍA, José. Naceu en Serón de Nágima (Soria) en 1897 e faleceu no Rosal (Pontevedra) o 19 de novembro de 1948. Mestre nacional, dende 1922 exerceu a docencia na escola de Fornelos (O Rosal) e foi o gran propulsor da agricultura e gandería do municipio rosalés; iniciou esta tarefa na súa escola, onde lle asignaba a cada neno maior –como premio– unha parcela de terreo na que lle ensinaba practicamente a cultivar-la terra, así como o uso de fertilizantes químicos segundo o tipo de solo. Entre as especies froiteiras que a el se deben na zona destaca o mirabel, aínda que tamén implantou aquí a alfalfa, varios tipos de remolacha, etc. Creou a fábrica de conservas vexetais A Rosaleira (1938), organizou a cooperativa do campo denominada El Pilar e por mor da Guerra Civil foi alcalde do Rosal en tres ocasións (1936-44). Pola súa notoria actividade a favor do progreso da vila foi distinguido co nomeamento de comendador da orde civil do mérito agrícola e da orde de Cisneros. (Xoán Martínez Tamuxe)

SÁNCHEZ GUISANDE, Gomersindo. Naceu en Santiago de Compostela (A Coruña) o 1 de agosto de 1892 e faleceu en Bos Aires (Arxentina) o 9 de setembro de 1976. Home polifacético, desenvolveu unha grande actividade en diversos campos, nos que deixou o sinal da súa recia personalidade e xenio. Cómpre destaca-lo seu labor como profesor universitario, anatomista, médico pediatra, escritor, así como o interese sociopolítico das súas actividades que marcaron unha boa parte da súa vida e o levaron en 1936 ó exilio.

Estudou Medicina en Santiago (1908-15) e durante ese período foi alumno interno de Anatomía Descritiva. En 1916 obtivo o título de doutor coa defensa da tese sobre anatomía comparada *Investigaciones sobre los ligamentos interóseo y de Weitbrecht del antebrazo en el hombre y en los animales*. Sendo xa médico estu-